

**ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA COMUNIDADE DE MONTES EN MAN
COMUN DE ATIOS, CELEBRADA O DIA VINTE E CINCO DE OUTUBRO DE DOUS
MIL VINTE E CINCO (25-10-2025)**

Asistencia dos/as membros da xunta reitora da CMVMC de Atios:

Presidente: Juan José Pereira Pereira

Xunta Reitora:

Santiago Ramilo Rodríguez

David Estévez Martínez

Ramón Giráldez Varela

Juan José Domínguez Pereira

José Ramón Pérez Solleiro

Manuel Veiga Maceira

Miguel Maceira Maquieira

Ceferino Pereira Ambrosio

Rubén Mera Varela

Francisco Javier Hernández Santos

José Carlos Alonso Rodríguez

José Manuel Figueroa Villaverde

Actúa como secretaria: M^a del Carmen Pereira Pereira

Apertura da sesión. Na parroquia de Atios, sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos (20:45) do vinte e cinco de outubro de dous mil vinte e cinco (25-10-2025), reúnese no Salón do Centro Social e Cultural en segunda convocatoria, non facéndoo na primeira por non reunir o quórum esixido polos Estatutos, baixo a Presidencia de Juan José Pereira Pereira e coa asistencia dos demais membros da Xunta Reitora, coa única e exclusiva finalidade de celebrar a Asemblea Xeral Ordinaria para a que previa e regulamentariamente foron convocados de conformidade cos Estatutos da Comunidade.

Asistencia. Concorren á presente os/as señores/as membros que legalmente compoñen esta Comunidade e que previamente realizado o reconto de asistencias desglosase como segue:

Número de comuneiros/as activos/as ó comezo da Asemblea: **274**

Número de asistencias de comuneiros/as á Asemblea: **109**

Número de ausencias de comuneiros/as á Asemblea: **165**

Número de ausencias de comuneiros/as á Asemblea con xustificación: **0**

Número de altas: **4**

Número de baixas: **3**

Número de comuneiros/as activos/as ó remate da Asemblea: **275**

Adxúntase á presente acta a lista de comuneiros/as.

ORDE DO DÍA.

1. Lectura e aprobación acta asemblea anterior.
2. Adquisición mediante compra e permuta de parcelas particulares na zona de Pomariño para ampliación de área recreativa.
3. Cesión de uso/arrendamento da explotación Arcace 13 propiedade comunal mediante sentenza 0015/2018 de 28 de febreiro.
4. Arrendamento da explotación Pedra Branca nº 52 propiedade comunal mediante sentenza 0015/2018 de 28 de febreiro.
5. Cortas de madeira: rodais de piñeiro números 12 e 23; rodal de eucalipto nº 9.

6. Informes.
7. Altas e baixas.
8. Rogos e preguntas.

1. LECTURA E APROBACIÓN ACTA ASEMBLEA ANTERIOR.

A secretaria procede a lectura da acta da asemblea anterior celebrada o día 5 de abril de 2025. Rematada a lectura non se producen intervencións. É sometida a votación co seguinte resultado: **0 votos en contra, 0 abstencións, queda aprobada por unanimidade.**

2. ADQUISICIÓN MEDIANTE COMPRA E PERMUTA DE PARCELAS PARTICULARES NA ZONA DE POMARIÑO PARA AMPLIACIÓN DE ÁREA RECREATIVA.

O presidente fai unha exposición dos traballos feitos na zona do Pumariño. Consciente das queixas formuladas polos propietarios, por non avisar do inicio das obras para construír un sendeiro na cabeceira das súas parcelas, pide disculpas e explica que a empresa comunicou o comezo dos traballos con pouca marxe para falar cos afectados.

A comunidade de montes ten interese en adquirir parcelas nesa zona para continuar co proxecto da área recreativa. Faríase mediante compra directa ou ben mediante permutas. Para permutar a comunidade debe ser titular dunha propiedade nesa zona.

A xunta reitora propón un prezo de 20 euros por metro cadrado para realizar as operacións de compra-venda no Pumariño. Un prezo que cre razoable, dada a calificación urbanística da zona e as afeccións que ten a zona, polo río e polo tendido eléctrico.

Porén, varios comeneiros expresaron que antes de aprobar un prezo habería que falar cos propietarios. Outros mesmo propuxeron un prezo superior. Así as cousas, o presidente somete a votación as tres propostas, co seguinte resultado:

Proposta de 20€/m²: **16 votos**

Proposta de 25€/m²: **7 votos**

Proposta de consensuar cos propietarios un prezo e sometelo a asemblea: **31 votos.**

Queda aprobada por maioría a proposta de consensuar un prezo cos propietarios para sometelo a votación na próxima asemblea.

3. CESIÓN DE USO/ARRENDAMENTO DA EXPLOTACIÓN ARCACE 13 PROPIEDAD COMUNAL MEDIANTE SENTENZA 0015/2018 DE 28 DE FEBREIRO.

A parcela Arcace, a nº 13 dentro dos subarrendos da concesión Benedicta, está actualmente sen contrato de arrendamento. O titular da concesión mineira, Manuel Alfonso Carrera (coñecido como Manolo Instalauto) non quere asinar o contrato que lle ofrece a comunidade. Daquela, como xa foi contado en anteriores ocasións, houbo que presentar demanda de desafuzamento. Entrementes se segue o proceso xudicial, apareceu unha empresa interesada en comprarlle o dereito mineiro para explotar a canteira. Ambas partes, logo de longas negociacións –das que tivo puntual coñecemento a comunidade–, chegaron a un acordo e asinaron a transmisión do dereito. Dado que hai xa un inquilino novo que asume o arrendamento, decidimos non seguir adiante co preito para o desafuzamento. A empresa interesada é Granitos e Áridos de Atios, coa que teríamos que formalizar o contrato de arrendamento.

O dereito mineiro de Arcace ten unha superficie total de máis de 30 hectáres, que abrangue ata a antiga canteira do Xeiteiro, no Carbón. Pero a condición que a comunidade lle

puxo á Granitos e Áridos é que só podían explotar desde a presa da Ventosa cara o sur. É dicir, na actual canteira Arcace e a partir daí, cara Budiño. As superficies obxecto de arrendamento virán marcadas polos plans de explotación que aprobo Minas. As condicións do contrato serían:

- 15 anos, máis prórrogas de cinco anos ata un máximo de 30, como cesión de uso.
- Canon pactado con Pocasa en función do tipo de material que se extraía: áridos (0,52 €/m²) ou bloque (0,85 €/m²)
- Superficie a facturar a que figure no plan de labores anual

É sometido a votación co seguinte resultado: **0 votos en contra, 0 abstencións, queda aprobado por unanimidade.**

4. ARRENDAMENTO DA EXPLOTACIÓN PEDRA BRANCA N° 52 PROPIEDAD COMUNAL MEDIANTE SENTENZA 0015/2018 DE 28 DE FEBREIRO.

Outra das concesións mineiras que ten en Atios Manuel de Instalauto é a canteira n° 52, denominada Pedra Branca. Aquí tampouco quixo asinar contrato e dase a circunstancia de que tamén hai unha empresa interesada en asumir o arrendamento e facerse cargo da canteira. Esa empresa é Val Miñor, que por outra parte xa estaba facendo uso dela, como balsa de auga. A concesión ten 3.900 metros cadrados, e o canon que aplicaríamos será de 0,20€/m², xa que non se pode explotar nin bloque, nin áridos, nin tampouco por agora restaurar. As condicións son as mesmas que no resto das canteiras: 15 anos con prórrogas de 5, máis 5, máis 5. Mentras estea parada é un canon de 0,20 e se a futuro se explota é de 0,85.

É sometido a votación co seguinte resultado: **0 votos en contra, 1 abstención, queda aprobado por maioría.**

5. CORTAS DE MADEIRA: RODAIS DE PIÑEIRO NÚMEROS 12 E 23; RODAL DE EUCALIPTO N° 9.

A xunta reitora propón realizar varias cortas en distintos rodais no próximo ano. Unha é no rodal 9, no Chan da Beillada, todo eucalipto. Xa está incluída para 2025 no Plan de Ordenación, así que non sería necesario sometela de novo a votación.

Sí en cambio hai que aprobar as cortas que propoñemos facer en dous rodais de piñeiro. Un é no rodal 23b, na zona dos Inferniños, cunha superficie de 1,4 hectáreas. E outra no rodal 12n, de 1,6 hectáreas, na que hai encravados e cunha orografía bastante complicada. A intención é eliminar o piñeiro nesta zona para unir as masas de frondosas que comezan na área da Veiguiña, por un lado, e na contorna da presa do monte polo outro.

Sometemos a votación e queda aprobado por unanimidade.

6 INFORMES.

1) Demanda xudicial monte Roxo.

Ó presidente informa que o preito iniciado na vía civil por María González Groba contra a comunidade de montes, por non estar de acordo coa resolución do deslinde no monte do Roxo, foi adiado novamente ata o mes de xaneiro. Xa están avisadas as persoas que a comunidade citou como testemuñas. Neste caso, coma en todos, a comunidade defende a validez das resolucións de clasificación e do deslinde para lexitimar a titularidade do monte comunal.

2) Petición Juan Manuel Rodríguez Rodríguez parcela monte Roxo.

O comuneiro Juan Manuel Rodríguez, presente na asemblea, fai unha petición para poder explicar a súa situación particular por unha parcela no monte do Roxo. Manifesta que non está de acordo coa resolución do deslinde, xa que, na súa opinión, produciuse unha inxustiza. Alega que

posúe documentos que acreditan a propiedade privada, a nome de seu avó Atilano Rodríguez e que as escrituras dos lindeiros coinciden en sinalalo como estremante. Pero di que figuraba erróneamente no Catastro, e que esa foi a causa de que o deslinde incluíse a súa parcela dentro do monte comunal. Expón ademais a circunstancia que se deu de colindancia cunha parcela propiedade da familia do presidente e da secretaria da comunidade, e un suposto compromiso para regularizar a súa parcela no Catastro.

Dito isto, solicita que sexa debatida a súa petición en asemblea. O presidente responde que se quere que a asemblea se pronuncie sobre a súa petición, só se poden someter a votación os puntos explicitados na orde do día. E asume o compromiso de levar o asunto na próxima convocatoria.

3) Canteira Couto. O empresario Nemesio Martínez, que no seu día explotou a canteira Couto, a nº 11 de Benedicta, pretende facer unha agrupación de todas as parcelas da súa propiedade que ten nesa zona. Quere ademais inscribilas no Rexistro da Propiedade. O Rexistro deulle traslado aos propietarios lindeiros, e foi aí como a comunidade se enterou da alteración que se propoñía.

Comprobamos que a agrupación que pretendía o señor Martínez incluía unha boa porción do monte comunal Carrascal e Laxedo. Feitas as consultas co noso perito e examinada a documentación histórica, opuxémonos ao rexistro tal como estaba inicialmente. Propuxémoslle unha liña de deslinde alternativa. O empresario aceptou e así o está tramitando.

4) Santa Fe. Tivemos coñecemento de que, tras o falecemento dun dos irmáns que integraban a sociedade, a empresa Granitos Santa Fe deixa a actividade e procede a súa liquidación. Ao parecer ten posta á venda varios bens, entre eles a nave do aserradoiro de pedra, construída sobre terreo municipal, que no seu día adquiriu mediante permuta. Pero, segundo nos consta, esa permuta está sen formalizar, co que se entende que a nave está sobre un terreo que aínda non lles pertence. Hai tamén outra nave que está dentro da parcela que lle temos arrendada a Fечи. Somos titulares catastrais e pedímoslle ao xulgado que nos informe dos bens da empresa Santa Fe, para a partir daí impedir calquera transmisión de monte comunal.

5) Parcela arrendada a Fечи. Fíxose unha variación dos contratos de arrendamento da parcela situada nas Colonias que estaba arrendada a Fечи. A esta empresa xa non lle interesa toda a parcela, así que reducímoslle a superficie en solo rústico. A parte en zona industrial mantense sen cambios. O resto da parcela en solo rústico arrendámoslla a Transportes Crespo y Cousido, compañía dedicada ao tratamento de contedores da naviera MSC. Subimos o prezo a 2 euros/m². A facturación é mensual.

6) Plantación do campo de tiro.

Amósanse fotos dos castiñeiros e froiteiras que se plantaron a comezos de ano e que apareceron cortadas e arrancadas algunhas. Non se sabe que ou quen puido facer iso. Estaremos vixiantes, agardamos que moitas rebroten e se non volveremos plantar.

7) Parque do Carbón.

Rematouse todo o peche con madeira e púsoxe unha varanda na entrada. E vanse repoñer as árbores que secaron.

8) Traballos de roza e limpeza

Amósanse imaxes da limpeza que o persoal da comunidade levou a cabo na contorna da estación meteorolóxica. Quedou ao descuberto o antigo camiño que unía a Rocha coa presa de Centeáns e tamén unha fonte que estaba case desaparecida.

7. ALTAS E BAIAS

Altas

Nº 0052_Manuel Fernández Porto_35544733G

Nº 0576_Jose Manuel Rodríguez Lorenzo_77000422X

Nº 0577_Jose Antonio Puime Alonso_36070302T

Nº 0578_Cristina Pereira Ambrosio_35569752E

Baixas por defunción

Nº 0017_José Manuel Bugarín Giráldez_35539995G

Nº 0153_Juan Pereira Martínez_35540009H

Nº 0281_Manuel Ramilo Piñeiro_35541080P

8. ROGOS E PREGUNTAS

Serafín Dávila pregunta pola situación da débeda do concello. A xuíza, que xa non é a mesma, como non se aclara, decidiu nomear un perito xudicial, pero aínda ninguén se fixo cargo.

Non habendo máis intervencións o presidente da por concluída a asemblea ordinaria sendo as vinte e dúas horas e trinta e nove minutos (22:39) do 25 de outubro de 2025. De todo o cal eu, como secretaria, dou fe.

Vº e prace do Presidente
Asdo. Juan José Pereira Pereira

A secretaria
Asdo. M^a del Carmen Pereira Pereira